ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPR SAN MIGUEL
CURSO: CFGB SERVIZOS COMERCIAIS
MÓDULO: ATENCIÓN Á CLIENTELA
DATA: 12/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe

Esta programación é dun módulo do segundo curso de FPB, que foi completamente desenvolvida antes do 13 de marzo.

Vanse considerar imprescindibles para a recuperación do módulo, os mínimos esixibles que aparecen na programación dentro dos criterios de avaliación, apartado 4.d. de cada unidade didáctica.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Probas escritas, recopilación de material de traballo, entregas de exercicios, resumes e probas orais e escritas, dependendo do caso, sempre tratando de que sexa unha opción viable para o alumnado e que ningún alumno poda quedar en inferiores condicións que os seus compañeiros.
	Instrumentos: Os instrumentos de avaliación son moi diferentes e estarán adaptados ao alumnado. Utilizamos a plataforma edmodo, o uso de plataformas de videochamada (Skype, Zoom, Webex, etc), o correo electrónico así como o teléfono móbil e fixo en caso de necesidade.
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Os alumnos co aprobado na segunda avaliación xa accederon á FCT e polo tanto a súa cualificación non varía. Os que teñen o módulo suspenso serán valorados da seguinte forma: - 50% proba escrita, sexa de forma telemática ou presencial si podemos volver ao centro antes de que finalice o curso escolar. - 30% presentación de traballos de forma regular durante o terceiro trimestre. - 20% valoración das actividades entregadas polo alumnado con regularidade durante o terceiro trimestre.
Proba extraordinaria de setembro	Os alumnos do segundo curso de FPB non teñen proba extraordinaria de setembro.
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Se realizarán actividades de recuperación, repaso e reforzo con todos os alumnos que teñen o módulo suspenso. Estas actividades consistirán en realización de resumes, exercicios e traballos que deben presentar regularmente, no prazo estipulado polo profesor. Estas actividades estarán adaptadas ao alumno así como as súas condicións de conectividade.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Posto que falamos de alumnos que terminaron o temario dentro do prazo temporal anterior ao 13 de marzo, xa tiveron as clases teóricas explicativas correspondentes. A metodoloxía consistirá en que o alumno realizará un resumo da unidade didáctica para repasar os contidos, aportando aquelas explicacións e aclaracións que fosen necesarias por parte do profesorado. A continuación se propón unha serie de actividades de repaso, que serán avaliadas de forma numérica. Finalmente realizará unha proba que será, dependendo do caso, escrita ou oral, de forma telemática, utilizando os medios dispoñibles tanto para o profesorado como para o alumnado.
Materiais e recursos	Libro de texto, libro de texto dixital, ordenador, teléfono móbil, aplicacións informáticas de diferente ámbito (procesadores de texto, videochamada, presentacións, etc.)

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	O contacto co alumnado e as familias realízase mediante o teléfono móbil así como con correo electrónico.
Publicidade	Na páxina web do centro: https://www.gecastrosanmiguel.com